# UN AMIGO NA BIBLIOTECA

"Había unha vez"... Eran as palabras favoritas de Ángela, unha nena de once anos que adoraba leer moitos libros. Leía todo tipo de xéneros, ficción, romance, drama... Aínda que lellera cousas moi distintas, todos tiñan unha cousa en común, os finais felices. Isto non lle emocionaba moito a Ángela, porque ela non era moi feliz. Non tiña ningún amigo, todos os nenos pensaban que era unha "listilla", e por iso non tiña amigos, o iso pensaba ela...

O día que comeza a nosa historia, Ángela estaba lendo un libro na biblioteca municipal, como de costume, a vella e gruñona bibliotecaria, Edna, estaba escribindo no ordenador. De pronto, unha pequena bágoa caeu na páxina do libro, e despois de esta chegaron máis acompañadas de choros enormes... A gruñona bibliotecaria, acercouse e dixo:

—Pódese saber por que choras?¡. Na biblioteca hay que estar calado¡.

Durante uns intres, a nena aguantou as bágoas, pero segundos despois, volveu a chorar.

—A ver, —suspirou a bibliotecaria mentres se sentaba ao lado de Ángela— que che ocorre?

—As historias que leo están cheas de finais felices, xa sean princesas, dragóns, extraterrestres, e todos teñen amigos... Eu non os teño por ser como son, ás veces, gustaríame ser moi distinta, ser así é terrible...

—Cómo?¡ —dixo moi enfadada Edna (máis do normal)— Non tes que cambiar quen eres para encaixar, se non saben valorarte por quen eres realmente, non lles fagas caso, xa atoparás a alguén mellor. Ademáis, —dixo en voz baixa— tés

montóns de amigos.
—En serio?— preguntou dubosa a nena.
—Claro!— dixo a muller— Mira, cando eu tiña a túa idade, era igual ca ti! Pensaba que tiña que cambiar quen era para encaixar, pero, dinme conta de que non tiña que facelo, ademais, cada día facía novos amigos, e aínda o somos!
Impactada, Ángela deulle as grazas a Edna por ás súas sabias palabras, pero, antes de que a bibliotecaria se sentara na súa cadeira frente ao ordenador, Ángela preguntoulle:
—Edna, quenes eran esos amigos dos que estabas falando?
A muller, sorriu e sinalou ás inmensas estanterías repletas de libros que enchían a enorme biblioteca. A nena comprendeu que, pase o que pase, non debes cambiar a túa forma de ser, porque non necesitaba amigos así, Ángela tiña 234.937.998 amigos!, eran todos os libros e os autores que vivían na súa adorada biblioteca, bueno, en realidade eran 234.937.999, xunto coa bibliotecaria, Edna, a cal quería a Ángela por ser quen era realmente, unha nena marabillosa con un corazón de ouro.

Noa Durán. 6°A.